
BASES ESPECÍFICAS DE ADMISIÓN NO CURSO GRATUÍTO DE OPERADOR/A DE CARRETILLA ELEVADORA.**1.- Persoas destinatarias.**

Poderán presentar solicitude de participación neste curso as persoas interesadas en xeral, tendo prioridade aquelas empadroadas no Concello de Porto do Son.

2.- Solicitudes e prazo de presentación.

As solicitudes de participación nesta acción formativa, segundo o modelo que se anexa, dirixiranse ao Alcalde - Presidente do Concello de Porto do Son e presentaranse no rexistro do Concello de Porto do Son (Rúa da Atalaia Nº 7 Porto do Son).

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día 7 de maio de 2018 e rematará día 11 de maio de 2018 ás 14.00h.

No caso de non cubrirse as prazas, poderase ampliar o prazo de presentación de solicitudes.

3.- Documentación.

Xunto coa solicitude de admisión, as persoas interesadas deberán presentar:

- Fotocopia do DNI ou NIE.
- Volante de empadramento no Concello de Porto do Son.

4.- Selección de participantes.

A selección de participantes farase polo sistema de sorteo público, segundo o establecido nas bases xerais de participación nas accións promovidas polo Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son, aprobadas polo Decreto de Alcaldía Nº 163 do 27 de febreiro de 2018.

5.- Número de prazas.

Esta acción formativa conta cun total de 10 prazas.

6.- Datas e Lugar de celebración do curso.

O curso vaise celebrar o venres día 18 de maio de 2018, en horario de 09.00h a 13.00h, e o sábado 19 de maio, en horario de 09.00h a 15.00h

7.- Condicións de superación do curso.

A obtención do carné de operador/a de carretillas elevadoras require a asistencia a todas as xornadas do curso.

Porto do Son, 30 de abril de 2018.